

Eu  
ción en  
e correo electrónico

con DNI

con enderezo a efectos de notifica-

#### ANTECEDENTES:

Está en anuncio da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galiza e sometido a información pública o Estudo de Impacto Ambiental e a solicitude de Autorización Administrativa Previa do Parque Eólico Pena do Corvo, publicado no «BOE» núm. 128, de 29 de maio de 2021, páxinas 35288 a 35290. A empresa IBERDROLA RENOVABLES GALICIA, S.A., con C.I.F. A32259541, e domicilio social en rúa Circunvalación, 17, 32350, A Rúa, Ourense, pretende a construción dun parque eólico de 58,5 MW e a súa estrutura de evacuación eléctrica. Código do proxecto PEol-400.

#### EXPÓN:

##### PRIMEIRO:

A construción do parque eólico e a liña de evacuación eléctrica suporá unha **afección severa e incompatible coa Rede Natura. Prexuízos irreversibles para a zona de protección especial dos valores naturais do Parque Natural Fragas do Eume e ZEC Río Betanzos-Mandeo e Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. É tamén contraria á protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

**Parque Natural Fragas do Eume:** O Parque Eólico conformado por 13 aeroxeradores de 180 metros de altura sitúase sobre a liña visual do cumio de Monfero que vertebra o canón das Fragas do Eume. O propio polígono eólico penetra no interior do Parque Natural e segundo o Estudo de Impacto Ambiental (en adiante, EIA) encargado pola empresa, é visíbel desde infinidade de puntos das Fragas. Os aeroxeradores están situados na zona de influencia do Parque Natural, o primeiro deles a 143 metros da linde. A aberración visual que suporá a instalación de aeroxeradores de 180 metros é incompatíbel cunha **Área de Especial Protección Paisaxística (AEIP), Parque Natural e Rede Natura 2000.** Destaca esta AEIP polos seus valores naturais no relativo a especies con plans de xestión e recuperación vixentes e por estar enmarcada en zonas de especial protección das aves. Indicar que os aeroxeradores PC-01 e PC-02 atópanse no interior desta AEIP. Segundo o EIA dentro da envolvente de 10 quilómetros, o Parque Eólico Pena do Corvo é visíbel desde o 63,24 % deste territorio. Porén, a afección paisaxística sería moi severa. Perxuízos irreparábeis para unha paisaxe, a do Parque Natural das Fragas do Eume, que está a ser promocionada turísticamente na páxina web oficial de Turismo da Xunta de Galicia coma “uno de los bosques atlánticos de ribera mejor conservados de Europa” ou por ser un “Bosque mixto de frondosas considerado uno de los más extensos de la Galicia litoral y relevante a nivel europeo como bosque climático”. **Zona 1 do Plan de Xestión do Lobo, Canis Lupus, Decreto 297/2008, de 30 de decembro.** O propio EIA asume perda de conectividade ecolóxica para esta especie. O EIA asume ser área potencial da especie **Escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher), que conta cun plan de recuperación en Galiza no Decreto 75/2013, de 10 de maio.**

**Rede Natura 2000** é unha rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea. A liña de evacuación eléctrica ten dous cruzamentos coa **ZEC Betanzos Mandeo.** Figura 8.3.1. do EIA. O propio EIA admite que tanto as aves coma os quirópteros “pueden ser susceptibles de colisión”. No entorno do parque eólico o EIA documenta 92 especies de aves, moitas delas incluídas no no Listado de **Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial.** Inclúen a gatafornela (Circus cyaneus), o a tartaranha cincenta (Circus pygargus) ou o rabirrubio real (Phoenicurus phoenicurus), catalogados como “Vulnerábeis” no **Catálogo galego de especies ameazadas, regulado polo Decreto 88/2007,** de 19 de abril, así como a Rula común (Streptopelia turtur). Mais non tenhen en conta outras non inventariadas e presentes na zona. “As paredes do canón do Eume son o único fogar do bufo real (Bubo bubo) na provincia da Corunha”, como afirma o Concello de Pontedeume na súa páxina web oficial, ave tamén presente no Catálogo como vulnerábel. Ademais, a menos de 1 quilómetro da liña de evacuación atopámonos co **ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre.** En palabras do propio Estudo de Impacto Ambiental, “la línea de evacuación del parque eólico atraviesa la **Reserva de la Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**”, que se trata dun espazo natural protexido declarado pola UNESCO dentro do seu programa MaB (Man and Biosphere), un altísimo reconocimiento a nivel internacional. En definitiva, en palabras do propio EIA, “el impacto más importante será el riesgo de colisión con las palas de los aerogeneradores, así como con los tirantes de sujeción de la torre meteorológica, o el riesgo de electrocución con las líneas de alta tensión”.

Especies vexetais protexidas: A normativa sobre **Especies de Flora Protexida de Galiza, Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade, pola que se crea o Catálogo galego de especies ameazadas, o Catálogo galego de árbores singulares e o Catálogo dos hábitats en perigo de desaparición de Galiza**. Segundo o EIA atopáronse na zona de actuación do Parque Eólico especies vexetais inventariadas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, como son *Culcita macrocarpa*, en perigo de extinción, e as vulnerábeis *Dryopteris aemula*, *Dryopteris guanchica*, *Hymenophyllum tunbrigense*, *Vandenboschia speciosa*, *Woodwardia radicans*.

Habitats de Interese Comunitario: **A Directiva 92/43/CEE, relativa a Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres**, reúne no Anexo I un listado de hábitats naturais de interese comunitario para os que é necesario designar zonas especiais de conservación. Como detalla o EIA, no entorno de implantación dos aeroxeradores, atopamos hábitats do anexo I desta Directiva 92/43/CEE, especies que figuran no anexo II da Directiva 92/43/CEE e especies ás que fai referencia o Artigo 4 da Directiva 2009/147/CE.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
3160	Lagos e estanques distróficos naturais
3260	Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
3270	Ríos de ribeiras lamacentas con vexetación de <i>Chenopodion rubri p.p.</i> e de <i>Bidention p.p.</i>
4020 *	Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	Queirogais secos europeos
5230 *	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6220 *	Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do <i>Thero-Brachypodietea</i>
6230 *	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas e submontañosas da Eu.Cont.
6410	Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos ( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )
7110 *	Turbeiras altas activas
7140	'Mires' de transición
7150	Depresións sobre substratos turbosos do <i>Rhynchosporion</i>
8130	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmófitica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
8310	Covas non explotadas polo turismo
9180 *	Bosques de encostas, desprendementos ou barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91E0 *	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9260	Soutos

Hábitats anexo I de la Directiva 92/43/CEE. Fonte: DOG Núm. 62. Luns, 31 de marzo de 2014

GRUPO	NOME CIENTÍFICO	GRUPO	NOME CIENTÍFICO
AVES	<i>Accipiter gentilis</i>	MAMÍFEROS	<i>Galemys pyrenaicus</i>
	<i>Accipiter nisus</i>		<i>Lutra lutra</i>
	<i>Anas platyrhynchos</i>		<i>Myotis myotis</i>
	<i>Ardea cinerea</i>		<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Asio otus</i>		<i>Rhinolophus hipposideros</i>
	<i>Bubo bubo</i>	ANFIBIOS/RÉPTILES	<i>Chioglossa lusitanica</i>
	<i>Caprimulgus europaeus</i>		<i>Discoglossus galganoi</i>
	<i>Cinclus cinclus</i>		<i>Iberolacerta monticola</i>
	<i>Circaetus gallicus</i>		<i>Lacerta schreiberi</i>
	<i>Circus cyaneus</i>	PEIXES	<i>Pseudochondrostoma duriense</i>
	<i>Circus pygargus</i>	INVERTEBRADOS	<i>Coenagrion mercuriale</i>
	<i>Corvus corax</i>		<i>Elona quimperiana</i>
	<i>Falco peregrinus</i>		<i>Euphydryas aurinia</i>
	<i>Falco subbuteo</i>		<i>Geomalacus maculosus</i>
	<i>Falco tinnunculus</i>		<i>Lucanus cervus</i>
	<i>Hirundo daurica</i>		<i>Margaritifera margaritifera</i>
	<i>Lanius collurio</i>		<i>Culcita macrocarpa</i>
	<i>Lullula arborea</i>		<i>Narcissus asturiensis</i>
	<i>Oriolus oriolus</i>	<i>Narcissus cyclamineus</i>	
	<i>Pernis apivorus</i>	<i>Trichomanes speciosum</i>	
<i>Streptopelia turtur</i>	PRANTAS	<i>Woodwardia radicans</i>	
<i>Sylvia undata</i>			

Especies de mamíferos, anfíbios, réptiles, invertebrados e prantas Rede Natura, anexo II da Directiva 92/43/CEE

GRUPO	NOME CIENTÍFICO	GRUPO	NOME CIENTÍFICO
MAMÍFEROS	<i>Canis lupus</i>	ANFIBIOS/RÉPTILES	<i>Alytes obstetricans</i>
	<i>Felis sylvestris</i>		<i>Bufo bufo</i>
	<i>Glis glis</i>		<i>Salamandra salamandra</i>
	<i>Martes martes</i>		<i>Natrix natrix</i>
	<i>Mustela erminea</i>		<i>Rana iberica</i>
	<i>Mustela putorius</i>		<i>Triturus boscai</i>
		INVERTEBRADOS	<i>Belgrandiella rolani</i>

Táboa con outras especies de importancia da Rede Natura citada no Informe de Impacto Ambiental.

O **Atlas e Libro Vermello dos Mamíferos Terrestres de España** establece a presenza na zona do parque de canto menos 37 especies de mamíferos, entre os que destacan a rata de auga (*Arvicola sapidus*), por estar catalogada como “Vulnerábel” tanto no citado Atlas, como na **Lista Vermella da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN)**, ou a aguaneira (*Galemys pyrenaicus*), que está catalogada como “Vulnerabel” polo **Catálogo galego de especies ameazadas, regulado no Decreto 88/2007**, de 19 de abril.

Quiropterofauna: No EIA destacan a presenza de especies vulnerábeis no **Catálogo Español de Especies Amenazadas, no Catálogo galego de especies ameazadas, regulado por el Decreto 88/2007**, de 19 de abril, coma o Morcego de bigotes (*Myotis mystacinus*), o morcego grande de ferradura (*Rhinolophus ferrumequinum*) e o morcego pequeno de ferradura (*Rhinolophus hipposiderus*), tamén incluído na lista de **Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial**.

Herpetofauna: O **Atlas e Libro Vermello dos Anfibios e Réptiles de España** describe a presenza na zona de actuación do PE de 10 especies de réptiles e 12 de anfibios. Destaca a presenza do escáncer común (*Anguis fragilis*), a lagarta da serra (*Iberolacerta monticola*), a cobra viperina (*Natrix maura*), a cobra de colar (*Natrix natrix*), o lagarto arnal (*Timon lepidus* ou *Lacerta lepida*), a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*), o sapo raxado (*Discoglossus galganoi*), a estroza (*Hyla arborea*), o limpafontes común (*Lissotriton boscai*), a rana patilonga (*Rana iberica*) e a píntega (*Salamandra salamandra*) catalogadas como “Vulnerabeis” no **Catálogo galego de especies ameazadas**.

En resumo dete primeiro punto, e tal e como afirma o propio EIA contratado pola empresa, **“Además del riesgo de colisión, una de las consecuencias que puede desencadenar la presencia y funcionamiento de las instalaciones es la fragmentación del hábitat, lo que perjudicará a la dinámica de las poblaciones”**.

SEGUNDO:

O Parque Eólico Pena do Corvo xunto cos outros parques do entorno supoñen, en palabras do propio Estudo de Impacto Ambiental encargado pola empresa, un **“elevadísimo impacto de contaminación lumínica nocturna”**, con impacto negativo sobre a Avifauna e a quiropterofauna pola modificación do hábitat-etoloxía por iluminación artificial do medio escuro co conseguinte aumento do resplandor celeste.

TERCEIRO:

**LEI 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galiza**, no que se plasma o “compromiso irrenunciable da Comunidade Autónoma de Galicia co seu patrimonio cultural”. O criterio desta DXPC é non permitir obras de nova execución dentro das cautelas dos xacementos arqueolóxicos. Pois ben, o propio Estudo de Impacto Ambiental advirte que na fase de construción “algunas de las infraestructuras se incluyen ligeramente en los **márgenes de protección** establecidos para los elementos del patrimonio localizados en su entorno inmediato. Como se ha indicado, también en el trazado de la LAAT existen elementos de patrimonio”. Segundo relata o EIA resultarán afectados un total de 49 elementos do patrimonio cultural no entorno do proxecto do parque e do treito da instalación de evacuación eléctrica cara a subestación de Mesón do Vento, unha liña aérea de alta tensión que percorrerá un total de 45,57 quilómetros. O movemento de terras, a apertura de camiños e o tránsito de maquinaria pesada poden danar xacementos arqueolóxicos, castros, mamoas, petróglifos e túmulos, muinhos, unha ponte medieval e mesmo o Caminho Inglés a Compostela, elementos todos catalogados no EIA e que poden ser irreversiblemente danados. Como exemplos sirvan o Castelo da Pluma (GA15050057), que forma parte dunha necrópole e conxunto megalítico, ademais de un promontorio rochoso que segundo investigadores da UDC podería tratarse dun asentamento defensivo da Idade Media. O aeroxerador 9 sitúase a 290 metros e o aeroxerador 8 a 485. Ambos dentro do terreo de protección do elemento. Tamén outras afeccións na que o EIA analiza coma IMPACTO SEVERO, como na GA15050049 Mámoa de Pidadalena, as GA15050059 e GA15050061 Mámoas do Castelo, GA15050065 da Serra de Queixei-ras, a GA15050171 Mámoa do Caminho da Serra, a GA15050146 Mámoa de Pila da Lenha. Destacan ademais a instalación

dos aeroxeradores 5 e 6 a menos de 200 metros da GA15050062 Mámoa do Penedo Gordo e da GA15050063 Mámoa da Serra de Queixeiro. Xa na liña de evacuación, entre os apoios 49 e 50, o tendido eléctrico de alta tensión directamente sobrevoa o conxunto de Muíños de Rego Meizoso. No PXOM de Paderme podemos ler o seguinte: “7 muíños nun treito de 300 metros (...) con numerosos saltos e fervenzas, nun entorno de gran valor ecolóxico e paisaxístico, con vexetación e fauna autóctona”. No caso da Cruz do Penedo instalan un dos aeroxeradores a tan só 70 metros. No GA15063003 Monte da Croa, cos apoios 79 e 80 da liña de evacuación están tamén dentro do límite de protección do elemento.

CUARTO:

**Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago**, supuxo o recoñecemento da importancia dos Camiños de Santiago, de relevancia histórica e universal, parte integrante do patrimonio cultural de Galicia e recoñecido como patrimonio da humanidade pola Unesco. O Caminho transita nun treito de 12'84 quilómetros pola envolvente de 10 quilómetros do conxunto de infraestruturas do parque. Ademais, o treito final da liña de alta tensión en Mesón do Vento atravesa o propio camiño. Aínda que neste punto a canalización da electricidade sexa soterrada, a afección neste elemento protexido, con torres de alta tensión de até 39 metros de altura a poucos metros do mesmo, é irreparábel.

QUINTO:

Afección visual nos **Bens de Interese cultural (B.I.C)**. Na envolvente de 10 quilómetros do parque atópanse o Mosteiro de Santa María de Monfero ((R.I.) - 51 - 0000545 – 00000), a Ex-Colexiata de Santa María de Caaveiro, tamén chamado Mosteiro de Caaveiro, no concello de A Capela ((R.I.) - 51 - 0004195 – 00000), no concello de Pontedeume atopamos o Castelo de Nogueirosa ou Castelo dos Andrade ((R.I.) - 51 - 0008864 – 00000), a Igrexa de San Miguel de Breamo, ((R.I.) - 51 - 0000542 – 00000) e o Pazo fortaleza dos Condes de Andrade ou Torreón dos Andrade ((R.I.) - 53 - 0000132 – 00000) e ademais o Caminho Inglés de Santiago que transita por varios concellos. A **Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galiza** protexe todos estes elementos, situándose a área de influencia dos bens a menos de 500 m dos aeroxeradores, coma é o caso do Mosteiro de Santa María de Monfero, onde o protagonismo visual dos muíños de vento pon en perigo o valor deste e dos demais elementos do patrimonio cultural.

SEXTO:

**Afección severa aos recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga.** No Estudo de Impacto Ambiental, NON EXISTE un estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico de rigor que garanta a non afección aos acuíferos e a calidade das masas de auga tanto superficiais coma soterradas. O **artigo 6 e o anexo IV da Directiva Marco da Auga ( e no artigo 24.RD 907/2007)**, establécese que para cada zona xeográfica existirá polo menos un rexistro das zonas que foran declaradas obxecto de protección especial. Segundo palabras do propio EIA producírase unha “alteración del régimen de escorrentía asociado a la presencia de viales y zanjas”. Na envolvente de 5 quilómetros do Parque Eólico Pena do Corvo localízanse as seguintes **Zonas de Protección da Auga Potábel (ZPAP)**: Eume (Código ES014MSBT014-012), Eume-Pontedeume (Código ES014MSPF38), Corunha-Betanzos-Ares-Ferrol (Código ES014MSBT014-011), San Sadurninho (Código ES014MSBT014-014), Mero-Mandeo (Código ES014MSBT014-010), Cunca alta do Minho (Código ES010MSBT011-001). Ademais a liña de evacuación eléctrica proxéctase sobre as seguintes zonas potábeis protexidas: Tambre (Código ES014MSBT014-007), Mero-Mandeo (Código ES014MSBT014-010), Corunha-Betanzos-Ares-Ferrol (Código ES014MSBT014-011), Río Lambre (Código ES014MSPFES-014-NR-109-000-01-00), Río Mendo (ES014MSPFES-014-NR-111-025-02-02)

SÉPTIMO:

**Poboación e saúde humana.** Afección severa ás explotacións forestais, madeiras e agrogandeiras da zona de afección do proxecto. Tanto o parque eólico como a liña de evacuación fragmentan as parcelas afectadas coa conseguinte perda da base territorial das explotacións forestais e agrogandeiras, un ataque directo ao modo de vida do rural. Só no concello de Monfero hai 417 explotacións agrícolas. A liña de evacuación cruza até Mesón do Vento diversas áreas de concentración parcelaria ubicadas en Irixoa, Paderne, Coirós, Betanzos, Oza-Cesuras, Mesía e Abegondo. No EIA NON SE ANALIZAN con rigor científico os efectos sobre a saúde humana derivados da presenza de aeroxeradores de 180 metros a poucos metros de numerosos lugares e aldeas de Monfero, onde o ruído e o impacto visual serán moi severos.

OITAVO:

**Planeamentos Urbanísticos e recalificación do chan “ad hoc” en Monfero.** A empresa encargada da redacción do Impacto Ambiental propón a modificación da cualificación urbanística e recalificación do chan como chan rústico de especial protección de infraestruturas. De acordo co previsto no **Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia**, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, **prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección** (que neste caso non é o chan de infraestruturas). Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o proxecto eólico Pena do Corvo é incompatíbel. A promotora pretende unha recalificación urbanística non amparada legalmente. Ao anterior hai que engadir a prevalencia da **protección ambiental do Artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, a protección ambiental reforzada dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.**



NOVENO:

O **DECRETO 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia é incompatíbel coas seguintes Áreas de Interese Especial Paisaxístico (AIEP)** afectadas pol envolvente de 10 quilómetros do Parque Eólico Pena do Corvo: AIEP\_10\_03 Fragas y Fervenza de Beelle, AIEP\_10\_04 Serra do Forgoso, AIEP\_10\_05 Fragas do Eume, AIEP\_10\_06 Mosteiro de Monfero.

DÉCIMO:

Segundo **sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG)**, con data 11/12/2020, nº de Recurso: 7342/2019 e nº de Resolución: 311/2020, cita no seu punto noveno que “siendo Galicia una Comunidad pionera en el aprovechamiento eléctrico de la energía eólica, sigue existiendo un gran vacío legal en materia ambiental en la que se amparan las empresas energéticas para llevar adelante sus proyectos, y la administración competente en energía tendió a una interpretación tremendamente productivista”. Señala neste mesmo punto que os Parques Eólicos **“están vetados en zona de protección Rede Natura, y el impulso de la energía eólica ha de planificarse evitando toda posible interferencia para la ampliación de la Rede Natura, salvando el impacto visual por P.E. en las proximidades de LIC, sin que puedan situarse los P.E.** y luego pretender ampliar la Rede Natura cuando las especies a proteger no entienden de planeamientos o fronteras, por lo que las zonas ecológicamente más relevantes han de obtener una protección íntegra, sin que pueda haber espacios protegidos rodeados de molinos de viento, siendo la filosofía de la UE sobre la Red Natura la que debe ser una “red ecológicamente coherente”, con espacios y hábitats representativos de cada territorio y no una serie de LICs, zepas aisladas, rodeados de polígonos industriales, garantizando así la “viabilidad ecológica”, pues las especies no entienden de límites administrativos”.

En virtude de todo o anterior,

SOLICITAMOS:

1.- O rexeitamento do proxecto do Parque Eólico Pena do Corvo e a súa infraestrutura de evacuación, co código do proxecto PEol-400, e a súa retirada conforme á C.E. e Directivas Comunitarias nas que prevalece o valor medioambiental sobre o uso e desenvolvemento industrial, que é incompatíbel cos valores ambientais, patrimoniais, paisaxísticos e socioeconómicos presentes na área de afección do proxecto e a falla de apoio social. Existen perxuízos significativos nas especies protexidas e en perigo de extinción. Afección severa e incompatible cos valores **ZEC e Zona Especial dos Valores Naturais do Parque Natural Fragas do Eume e ZEC Río Betanzos Mandeo e Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres e contraria á protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

2.- Téñase en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental e que está desfasado, caduco e obsoleto e que carece de avaliación ambiental estratéxica. Ademais nunca chegou a publicarse íntegramente o seu texto e as correspondentes modificacións do mesmo no Diario Oficial de Galicia vulnerándose o artigo 9.3 da Constitución española. Existe unha opacidade absoluta no tocante á planificación enerxética en Galicia por parte da Xunta de Galicia.

3.- Téñase en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Vulneración flagrante da Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.

Por todo isto solicitamos que se tenha por presentado este escrito e por formuladas as alegacións que contén, que se presenten en tempo e forma, que sexan estimadas as mesmas e que, sendo parte interesada, den a este centro social traslado da resolución que decline o presente procedemento administrativo. É preciso unha resposta razoada a estas alegacións de acordo á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

En A Coruña, a de xunho de 2021.

Asdo.